



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 8 DE XUÑO DE 2006,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se nomea reitor magnífico da Universidade de Vigo o profesor doutor Alberto Gago Rodríguez

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se autoriza a subscrición dun acordo transaccional entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, a fin de determinar o cumprimento das obras que se deducen do acordo de transferencia do Hospital Nicolás Peña de Vigo

**CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Decreto de modificación do Decreto 419/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Televisión de Galicia, S.A. para o fomento da lectura en lingua galega entre a infancia.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de oito millóns setecentos corenta mil trinta e oito euros con dezaioito céntimos da obra de acondicionamento da estrada LU-152 Ferreira do Valadouro-Foz.



- Acordo polo que se autoriza a validación do convenio de colaboración asinado o 29 de xuño de 2005 entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e o Concello do Vicedo, para a renovación e ampliación de beirarrúas e mellora da capa de rodadura.
- Acordo polo que se autoriza a validación do convenio de colaboración, asinado o 29 de xuño de 2005, entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta e o Concello de Dodro, para a construción de beirarrúas para seguridade viaria na AC-305.

### **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, as empresas Unión Eléctrica Fenosa, Barras Eléctricas Galaico-Asturianas. SA (BEGASA) e a Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía Eléctrica de Galicia (APYDE) para o desenvolvemento do Plan de Mellora da Calidade da Subministración Eléctrica de Galicia 2006.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para o desenvolvemento dun plan piloto de mellora da calidade turística en Portodemouros.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Consello Galego de Museos para a celebración do IX Coloquio Galego de Museos e a edición das actas.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o Organismo Autónomo Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Norte para o financiamento, execución e explotación das obras de mellora da depuración e vertedura da Coruña: emisario submarino de Bens.



## **CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Acordo polo que se autoriza a modificación do convenio de colaboración asinado entre as Consellerías de Medio Rural e Traballo coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun programa do postgrao en materia de xestión e dirección de cooperativas e PEMES agroalimentarias a desenvolver no campus de Lugo durante o curso 2005-2006.

## **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur-Pontevedra S.A. para os traballos de reurbanización das etapas 1 e 2 no solo residencial de San Paio de Navia (Vigo).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Informe relativo ás actividades do Instituto Galego de Promoción Económica (Igapé) no exterior.

### **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Informe polo que se da conta da Orde pola que se convocan as axudas a entidades de interese colectivo de ámbito provincial ou autonómico para o exercicio 2006.
- Informe sobre os proxectos colectivos de xestión integral para o aproveitamento dos recursos mariños en Galicia presentados ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos proxectos colectivos de xestión integral para o aproveitamento dos recursos mariños en Galicia e se procede á súa convocatoria.



## **NOMEADO ALBERTO GAGO COMO REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o decreto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de nomeamento de Alberto Gago Rodríguez como reitor da Universidade de Vigo. O responsable da institución académica resultou elixido nas eleccións celebradas o pasado 23 de maio.

Nacido en Vilanova de Arousa en 1956, Alberto Gago Rodríguez é doutor en Economía pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrático de Facenda Pública da Universidade de Vigo desde 1994. Nesta institución foi director do Departamento de Economía Aplicada desde 1995 ata 2000 e desde 2002 desempeña o cargo de vicerreitor de Planificación e Asuntos Económicos.

Foi membro do Consello Económico e Social de Galicia, do Consello Económico e Social de Vigo, do Consello Científico do Instituto de Estudos Económicos de Galicia-Fundación Barrié de la Maza, e presidiu ata xaneiro deste ano a Asociación Española de Economía Enerxética.

O seu traballo de investigación desenvólvese nos campos da incidencia impositiva, a reforma fiscal e a fiscalidade ambiental. Nestes ámbitos, é autor dunha quincena de libros e máis de setenta artigos en revistas científicas. Ten participado en varios estudos e na actualidade é investigador principal e coordinador do grupo de investigación REDE, centrado na economía ambiental, con especializacións diversas en avaliación económica de impactos ambientais.

Ademais, participou como asesor da Secretaría de Estado de Facenda na elaboración do proxecto de reforma fiscal que se atopa en trámite parlamentario.



## **A XUNTA E CONCELLO DE VIGO ACORDAN SUBSCRIBIR UN ACORDO PARA O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DA TRANSFERENCIA DO HOSPITAL NICOLÁS PEÑA**

O Consello da Xunta de Galicia celebrado no día de hoxe aprobou o Decreto polo que se autoriza a subscripción dun acordo de transacción entre o Goberno galego e o Concello de Vigo, a fin de determinar o cumprimento das obrigas que se deducen do acordo de transferencia do hospital municipal Nicolás Peña da cidade olívica.

Este acordo porá fin aos procedementos xudiciais en relación coas liquidacións practicadas pola Comunidade Autónoma e deducidas da transferencia do antedito centro sanitario, que viñan desenvolvendo desde hai 12 anos. En virtude do convenio, a Xunta de Galicia procederá á anulación das liquidacións practicadas polo Sergas ao Concello de Vigo, por importe de 15.950.188,52 euros. Así mesmo, acórdase a compensación de débedas recíprocas por importe de 1.449.362,44 euros. Así, a Xunta de Galicia percibirá do Concello de Vigo 9.185.695,13 euros.

O carácter público de ambas as administracións e os obxectivos que comparten nesta materia determinan, en beneficio do interese xeral, unha resolución do contencioso por vía transaccional, que se plasmará no correspondente acordo.

Polo tanto, mediante o decreto aprobado hoxe pónse fin aos procesos contencioso-administrativos seguidos entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo derivados das liquidacións practicadas polo Servizo Galego de Saúde polo traspaso do hospital Nicolás Peña.

Unha vez subscrito o acordo ambas as dúas partes comunícanllo á Sala do Contencioso-Administrativo e solicitarán a finalización do procedemento.



## A XUNTA MODIFICA O SISTEMA DE PRIMEIRA VENDA DOS PRODUTOS FRESCOS DA PESCA NAS LONXAS

- *O Consello do Goberno galego aprobou esta mañá un novo Decreto polo que se suprime a obrigatoriedade da poxa á baixa como única modalidade de transacción comercial*
- *A normativa posibilita ás entidades de interese colectivo (confrarías, asociacións ou cooperativas) adquirir produtos da pesca e o marisqueo nas lonxas e centros autorizados*

O Goberno galego aprobou na súa xuntanza de hoxe o decreto de modificación do Decreto 419/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco. Esta modificación equipara a normativa galega de pesca coas normativas europeas e estatais nas cales non se establece a obrigatoriedade da poxa á baixa como sistema de primeira venda senón, simplemente, a obriga de que as vendas se fagan nas lonxas ou centros autorizados.

Deste xeito, co novo decreto, seguirase mantendo a obrigatoriedade de que a primeira venda se realice na lonxa dos portos, os efectos de control da aplicación para as normas de conservación dos recursos pesqueiros e do control das capturas, pero suprimirase a poxa como única fórmula de venda. Isto permitirá aplicar calquera outro sistema que facilite aos produtores rendibilizar as súas capturas, repercutir os seus custos de explotación aos seus produtos así como atopar novas estratexias para obter mellores prezos evitando a incerteza que supón a poxa á baixa.

Por outra banda, a modificación desta normativa permite ás entidades de interese colectivo (confrarías, organizacións de produtores, asociacións ou cooperativas) adquirir produtos frescos da pesca e o marisqueo nas lonxas ou centros de venda. Na actualidade, estas entidades non podían actuar como compradores, por exemplo, dos produtos dos seus asociados, limitándose a realizar labores de intermediación. Agora, coa eliminación deste obstáculo, poderán desenvolver proxectos colectivos que redunden en beneficio de todos os produtores, dándolle un valor engadido ao resultado da súa actividade, e incluso garantindo un prezo mínimo de venda dos produtos.

A elaboración deste proxecto levouno a cabo a Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca, departamento ao que lle corresponde, entre outras funcións, a regulación da primeira venda dos produtos da pesca nas lonxas pesqueiras ou nos establecementos autorizados para tal efecto. No texto final incluíronse as observacións formuladas polas entidades colectivas ás que se lles remitiu un borrador do documento.



## O CONSELLO APROBA A SINATURA DUN CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA NA TVG QUE FOMENTARÁ A LECTURA ENTRE OS NENOS E NENAS GALEGAS

- *As consellerías de Educación e Cultura e Deporte, ademais da Secretaría Xeral de Política Lingüística, participan nesta iniciativa achegando 135.000 euros*

O Consello da Xunta de hoxe aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre as consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, de Cultura e Deporte, e a Secretaría Xeral de Normalización Lingüística para a emisión do programa *Planeta Fantasía* en Televisión de Galicia, co que se pretende fomentar o hábito lector entre os máis pequenos e desde todos os ámbitos e soportes, ao tempo que se divulga a literatura galega.

A Administración galega contribúe á difusión desta campaña infantil achegando 135.000 euros, dos cales as Consellerías de Educación e Cultura investiron 60.000 euros cada unha e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, 15.000 euros.

*Planeta Fantasía* é unha serie destinada a nenos de catro a oito anos, na que en cada capítulo se produce unha aventura duns personaxes fixos rematando coa narración dun conto infantil da autoría dun escritor galego e editado por unha editorial de Galicia, en idioma galego, amosando tamén as ilustracións que acompañan o texto. A duración de cada capítulo é de oito minutos e emítense de luns a sábado.

Precisamente, unha comisión integrada por representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística e das Consellerías de Educación e Cultura foi a encargada de seleccionar os contos que se narran en cada capítulo. Neste proceso, tamén se contou coas achegas realizadas desde a Asociación Galega de Literatura Infantil e Xuvenil (Galix); a Asociación galega de Editores e a Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Esta comisión seleccionou, entre outros, contos como *A casa da duna*; *Xiz de Cor*, *Carlota e a bota perdida*, *Galo avisado*, *Os soños na gaiola*, *Caracol remoldiño*, e *Catro Pepitas*, que pertencen a todas as editoriais de Galicia.

*Planeta Fantasía* está integrada por catro bonecos – Comandante Gaga, Fiúncho, Pencas e Merliño- e unha actriz que interpreta a Lida, un personaxe virtual que vive dentro dun ordenador da nave espacial que transporta á terra aos anteriores personaxes. Lida é a encargada de narrar o conto da literatura infantil galega aos nenos.



## **POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 155.000 EUROS NA MELLORA DA ESTRADA LU-862 AO SEU PASO POLO VICEDO**

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 155.000 euros na renovación e ampliación de beirarrúas así como na mellora da capa de rodadura na estrada autonómica LU-862 ao seu paso polo municipio lugués do Vicedo.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello do Vicedo co obxecto de levar a cabo as ditas obras que, unha vez executadas, contribuirán a incrementar a seguridade viaria, posto que facilitará un tránsito máis seguro tanto para os condutores como para os peóns.

Cómpre salientar que se trata dunha travesía de carácter urbano que está ten edificacións nunha parte importante do seu trazado, polo que é necesario facilitar o acceso aos distintos equipamentos e fomentar un desenvolvemento harmónico da vila do Vicedo nesta zona.

A consellería encargárase de aprobar o proxecto técnico das obras e a súa execución. Pola súa banda, o Concello do Vicedo deberá conseguir os permisos e licenzas e autorizacións necesarias para acometer esta actuación. Así mesmo, o concello asumirá a explotación, mantemento e conservación das zonas non dedicadas á circulación de vehículos (sendas peonís e beirarrúas).





## **A XUNTA INVESTIRÁ 530.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS EN DODRO**

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá 530.000 euros, -repartidos en dúas anualidades iguais entre este e o vindeiro ano-, na construción de beirarrúas na estrada autonómica AC-305, ao seu paso polo municipio coruñés de Dodro.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello de Dodro para, ademais das beirarrúas, acometer obras de afirmado, sinalización, canalización para pluviais, fecais, abastecemento e iluminación no treito da AC-305 do punto quilométrico 0,700 ao 1,730 e do 4,300 ao 5,145. Estas dúas zonas coinciden coas travesías de Dodro e Imo, polas que habitualmente circulan peóns.

Ao carecer de beirarrúas, incrementábase notablemente o risco de accidentes e atropelos, polo que a consellería considera que esta actuación contribuirá a incrementar a seguridade viaria, posto que facilitará un tránsito máis seguro tanto para os condutores como para os peóns.

O departamento autonómico encargárase de aprobar o proxecto técnico das obras e a súa execución. Pola súa banda, o Concello de Dodro deberá pór á disposición da CPTOPT os terreos necesarios para acometer as obras así como conseguir os permisos e licenzas e autorizacións precisas. Así mesmo, o concello asumirá a explotación, mantemento e conservación das zonas non dedicadas á circulación de vehículos (sendas peonís, beirarrúas,).



## MÁIS DE 8,7 MILLÓNS DE EUROS DESTINADOS AO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA ENTRE FERREIRA DO VALADOURO E FOZ (LUGO)

▪ *As actuacións que se van acometer consistirán na ampliación da calzada, así como na mellora do trazado e do afirmado*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 8,7 millóns de euros nas obras de mellora e acondicionamento da estrada LU-152, que une as localidades luguesas de Ferreira do Valadouro e Foz.

Ao devandito investimento, que hoxe foi autorizado polo Consello da Xunta, engádense outros 1.623.000 euros, que se destinarán ao pagamento das expropiacións dos 521 predios afectados.

As obras, que se executarán sobre un percorrido de 14,208 quilómetros, incidirán na mellora da estrada en tres aspectos fundamentais. Por unha banda, alargárase a plataforma dado que a calzada conta cun largo de entre 5,5 e 6 metros, o que resulta insuficiente para as necesidades actuais. A nova calzada terá un largo de 9 metros, repartidos en dous carrís de 3,5 metros e beiravías de 1 metro.

Por outra parte, mellorarase o trazado eliminando as curvas de raio reducido, sinuosidades e pendentes pronunciadas, que caracterizan a estrada actual.

Ademais, efectuaranse cambios no afirmado, dado que o seu estado e composición estrutural son incompatibles coas necesidades de soporte que se derivarán da demanda de tráfico prevista no futuro.

As obras darán servizo aos algo máis de 31.000 habitantes que integran a poboación dos concellos do Valadouro, Alfoz, Foz, Ourense e Viveiro. O proxecto de construción foi aprobado o pasado 25 de abril.



## A XUNTA ACHEGARÁ 8,8 MILLÓNS DE EUROS PARA A MELLORA DA CALIDADE DA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA NO MEDIO RURAL

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio entre a Consellería de Innovación e Industria e as empresas eléctricas para o desenvolvemento do Plan de Mellora da Calidade da Subministración Eléctrica de Galicia 2006*
- *A Consellería subvencionará o 45% das obras recollidas no plan, que requirirá dun investimento total de 19,9 millóns de euros*

O Consello da Xunta facultou esta mañá ao conselleiro de Innovación e Industria para asinar o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e *Unión Eléctrica Fenosa, Barras Eléctricas Galaico-Asturianas (BEGASA)* e a *Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía Eléctrica de Galicia (APYDE)*, para o desenvolvemento do Plan de Mellora da Calidade da Subministración Eléctrica de Galicia 2006. Dentro deste Plan, a achega facilitada pola Xunta de Galicia ascende a 8.835.676,21 euros.

O convenio, que se asinará proximamente, establece a necesidade de mellorar os estándares de calidade de servizo na subministración eléctrica das zonas rurais, e contará cun investimento global de 19.912.363,03 euros. A Consellería de Innovación e Industria subvencionará o 45% do conxunto das obras de cada empresa, que se achegarán con cargo á aplicación orzamentaria de "Infraestruturas eléctricas no medio rural" de 2006.

Por provincias, na Coruña acometeranse obras de mellora eléctrica por importe de 6.789.861,64 euros, en Lugo por valor de 3.654.924,76, en Ourense as obras superarán un orzamento de 3.605.008,22 euros e en Pontevedra 5.862.568,41.

### **Condicionantes singulares**

A distribución da enerxía eléctrica en Galicia está sometida a uns condicionantes singulares, entre os que cabe destacar as condicións climatolóxicas, a vexetación e as especies características de distribución do solo. Estas características, unidas ao baixo consumo eléctrico e ao alto custo de execución das instalacións de subministración fan necesario o apoio das administracións no investimento en infraestruturas eléctricas.

Así, ao abeiro do presente convenio, subvencionaranse obras nas redes de media e baixa tensión, incluíndo centros de transformación e automatización que estean destinados a adecuar a calidade da subministración eléctrica no medio rural.

As actuacións desenvolveranse aplicando as solucións técnicas máis axeitadas en cada caso, que garantan a calidade da subministración de cada zona.



## **A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA ACTUARÁN CONXUNTAMENTE PARA MELLORAR A CALIDADE TURÍSTICA NA ZONA DE PORTODEMOUROS**

- ***O orzamento deste convenio ascende a 1,2 millóns de euros que serán achegados, a partes iguais, polas dúas institucións***

A Consellería de Innovación e Industria e a Deputación Provincial da Coruña asinarán un convenio para o desenvolvemento dun plan piloto de mellora da calidade turística en Portodemouros, segundo dispuxo esta mañá o Consello da Xunta. O orzamento deste convenio ascende a 1.200.000 euros, achegados a partes iguais por ambas as institucións en distintas.

Tanto a Consellería de Innovación e Industria, que ten as competencias de turismo, como a Deputación da Coruña, consideran que a mellora da competitividade turística na zona Portodemouros. Así mesmo, esta mellora repercutirá non só en Portodemouros, senón tamén nos municipios de Melide, Toques, Santiso, Sobrado, Arzúa, Touro, Boimorto, O Pino, Vedra e Vilasantar. A sustentabilidade económica, social e ambiental destes municipios precisan dunha mellora da calidade do seu medio urbano e natural, dunha ampliación e mellora dos servizos públicos, unha adaptación ás tendencias da demanda e a posta en valor de novos recursos turísticos. A confluencia das formulacións das dúas partes aconsella a coordinación das súas actuacións e a realización conxunta de proxectos, motivación á que responde o convenio que en breve asinarán o conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, e o presidente da deputación coruñesa, Salvador Fernández Moreda.

O plan prevé a realización dun conxunto de actuacións cos obxectivos de dotar a zona de infraestruturas, equipamento e servizos turísticos; potenciar a diversificación e mellorar a oferta complementaria; crear novos produtos turísticos; poñer en valor o patrimonio cultural e natural; sensibilizar, formar e implicar a poboación e axentes locais nunha cultura da calidade; comunicar, promocionar e comercializar a oferta turística.

As actuacións aprobadas ao abeiro deste plan deberán respectar o principio de turismo sustentable como principal eixe de desenvolvemento socioeconómico para este territorio no futuro, cunha aposta decidida pola calidade e singularidade do produto; e mais o principio da reflexión estratéxica global, que busque a coordinación de actuacións que incidan no sector turístico por parte das diversas administracións públicas con competencia neste territorio e das comarcas limítrofes de Pontevedra, prestando unha especial atención ás políticas de integración ambiental e de desenvolvemento rural, e que xire arredor dos dous eixes vertebradores da zona como destino turístico: o Camiño de Santiago e o encoro de Portodemouros.



## A CONSELLERÍA DE CULTURA DESTINA MÁIS DE 30.000 EUROS PARA CELEBRACIÓN DUN COLOQUIO DE MUSEOS GALEGOS

- *O coloquio levar por título “Museos, espazo e discurso” e terá lugar no Museo Provincial de Lugo*

A Consellería de Cultura e Deporte financiará con 32.200 euros a celebración do IX Coloquio do Consello Galego de Museos, que se celebrará do 26 ao 28 de outubro no Museo Provincial de Lugo. O coloquio ten por título “museos, espazo e discurso”.

O primeiro día abordarase “O espazo arquitectónico dos museos” e, os restantes dous días, “Os museos no espazo e no territorio” e “Os espazos funcionais dos museos”. A Consellería de Cultura tamén financiará a edición das actas do anterior coloquio. O Consello Galego de Museos, fundado en 1990, agrupa 29 entidades deste tipo distribuídas en 22 localidades de todo o país.



## **XUNTA E GOBERNO CENTRAL INVISTEN 17,8 MILLÓNS DE EUROS NO SANEAMENTO DA RÍA DA CORUÑA**

- *As administracións estatal e autonómica, a través da Confederación Hidrográfica do Norte e de Augas de Galicia, financian e executan esta actuación que se realizará en 26 meses*
- *O emisario de Bens será o sistema receptor das augas residuais de cinco municipios e completará as obras declaradas de interese xeral do Estado para o saneamento e depuración de augas da Coruña*

A Xunta de Galicia, mediante o organismo autónomo Augas de Galicia, e o Estado central, a través da Confederación Hidrográfica do Norte, construírán o emisario submarino de Bens, que será o sistema receptor das augas residuais de cinco municipios da ría da Coruña (A Coruña, Arteixo, Culleredo, Oleiros e Cambre), onde residen 300.000 habitantes e que suporá un investimento de 17.850.660 euros.

O Consello da Xunta, na súa reunión celebrada hoxe, autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e a Confederación Hidrográfica do Norte para o financiamento, a execución e a explotación desta actuación, que supón a segunda parte do proxecto de saneamento e depuración de augas da Coruña, declaradas de interese xeral do Estado pola Lei do 8 de xullo de 1997.

A primeira fase consiste na construción, na actualidade en execución, da estación depuradora de augas residuais de Bens, que ten como data prevista de finalización decembro de 2008.

O emisario submarino de Bens contribuirá á mellora ambiental do contorno costeiro da Coruña. Ao ser declarada de interese xeral, a Confederación Hidrográfica do Norte financiará o 85% do importe total da obra mediante achegas procedentes do Fondo de Cohesión da Unión Europea. O 15% restante, que se eleva a 2.677.599 euros, serán aboados en tres anualidades por Augas de Galicia, organismo autónomo dependente da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. O prazo estimado de execución desta obra é de 26 meses. Consistirá, basicamente, nunha condución de 900 metros de lonxitude.



## MEDIO RURAL E TRABALLO COLABORAN COA USC NA REALIZACIÓN DUN CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN XESTIÓN DE COOPERATIVAS E PEMES

- *A Xunta considera de primeira necesidade apoiar as iniciativas conducentes á formación de especialistas no eido da xestión das cooperativas e das PEMES, de especial importancia no tecido industrial galego*
- *O curso de especialización en Xestión de cooperativas e PEMES agroalimentarias, cuxa dotación supera os 35.000 euros, levarase a cabo na Facultade de Ciencias Empresariais do Campus de Lugo*

As consellerías de Medio Rural e Traballo presentaron ao Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, un convenio de colaboración entre as devanditas consellerías e a Universidade de Santiago de Compostela, para levar a cabo un posgrao en materia de xestión e dirección de cooperativas e PEMES agroalimentarias que se desenvolverá na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do Campus de Lugo.

Tal e como se recolle no convenio, dadas as características da economía galega, en que o sector primario presenta un peso específico importante, e dada a especialización formativa das titulacións de Lugo, considérase de especial interese a impartición dun programa formativo especializado no eido agroalimentario.

Nese senso, a Xunta considera de primeira necesidade apoiar as iniciativas conducentes á formación de especialistas no eido da xestión das cooperativas e das PEMES, de especial importancia no tecido industrial galego, así como contribuír ao desenvolvemento das industrias agroalimentarias en xeral e a formación, promoción e fomento do cooperativismo agrario. Segundo se recolle no texto do convenio, as entidades asinantes consideran esencial a colaboración na realización de accións tendentes a un mellor desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a USC comprométese ao desenvolvemento dun contorno virtual pechado para a formación a distancia dos alumnos do programa de formación de posgrao, no que se incorporarán todos os contidos temáticos impartidos presencialmente e a creación paralela dun espazo virtual aberto, orientado á autoformación en materia de xestión e dirección comercial de cooperativas e PEMES agroalimentarias, con especial dedicación ao ámbito cooperativo.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre as devanditas consellerías e a USC para a realización do curso de especialización en Xestión Cooperativas e PEMES agroalimentarias, cunha duración



total de 300 horas e polo que os alumnos recibirán 30 créditos, e que deberán estar rematadas antes do 1 de novembro de 2006.

Para o desenvolvemento destas accións de formación as consellerías de Medio Rural e Traballo destinarán máis de 35.000 euros, polo que serán subvencionables os custos de organización e secretaría do curso, de profesorado e conferenciantes, os gastos de difusión e publicidade, diplomas, atención protocolaria, así como o material didáctico.

Así mesmo, constituirase unha comisión mixta para o seguimento deste convenio, integrada por dous representantes da cada unha das partes.





## **A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INVISTE 216.130 EUROS NA CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA 1º E 2º ETAPAS DO POLÍGONO DE NAVIA PARA SUBSANAR DEFICIENCIAS**

- *O investimento tamén inclúe a supervisión e dirección de obra da urbanización da terceira etapa así como a coordinación da seguridade e saúde*

O Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, autoriza un investimento de 216.130 euros para a contratación da redacción do proxecto de reurbanización da primeira e segunda etapas do polígono de vivendas protexidas de San Paio de Navia, así como a supervisión do proxecto e dirección de obra da urbanización da terceira etapa e a coordinación de seguridade e saúde en toda a obra.

A Consellería de Vivenda e Solo, a través de Xestur-Pontevedra contratá estes traballos por vía de urxencia.

A redacción do proxecto para a reurbanización da 1º e 2º etapas incluírá a subsnación das deficiencias observadas na obra original deste polígono de vivendas. En concreto unha mellora dos servizos urbanos, pavimentación, xardinería complementaria e mobiliario urbano. A contratación do proxecto inclúe a correspondente dirección facultativa das obras.

Por outra banda, inclúe a supervisión do proxecto original e a dirección das obras da 3º etapa, fase A, da urbanización de San Paio de Navia, así como a coordinación do proxecto de seguridade e saúde correspondentes a toda a obra.



## A XUNTA APOSTA POLO IMPULSO DA PROXECCIÓN EXTERIOR DAS EMPRESAS GALEGAS

- *Incidirase no apoio á internacionalización das empresas, a captación de investimentos do exterior, e a cualificación de persoal en materia de comercio exterior*
- *A rede de centros de promoción de negocios pasou de dous a cinco centros tras a apertura do de China, Polonia e Estados Unidos*
- *Traballase na creación e inminente posta en marcha da Rede de empresarios e profesionais de orixe galega*
- *Estas actuacións forman parte das estratexias de crecemento económico da Xunta*
- *As exportacións das empresas galegas seguen a manter un elevado ritmo de crecemento tras liderar o incremento español durante o pasado ano*
- *O informe presentado no Consello da Xunta destaca a importancia da apertura da economía galega dentro da estratexia de crecemento*

O conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe detallado sobre a actividade do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) no exterior no cal se recolle, polo miúdo, os recursos, as axudas e os servizos de que dispón o Instituto para facilitar a internacionalización das empresas galegas. O impulso da proxección exterior das empresas galegas constitúe un dos obxectivos prioritarios da política económica do Goberno galego na procura dun maior ritmo de crecemento que permita avanzar cara á converxencia con España e o resto de Europa. O informe salienta o incremento que están a rexistrar as exportacións galegas que, no pasado ano, lideraron o crecemento do conxunto das comunidades autónomas e, no que vai de ano, seguen mantendo un ritmo de aumento superior ao resto de España.

O reforzo dos programas de axuda e promoción foi iniciado polo Igape na última parte do ano 2005 dentro dunha estratexia orientada a potenciar a presenza exterior das empresas galegas a través de actuacións en tres liñas: o apoio á internacionalización das empresas, a captación de investimentos do exterior, e a cualificación de persoal en materia de comercio exterior. Entre os recursos que a Xunta pon á disposición das empresas a través do Igape, o informe salienta o aumento da rede dos centros de promoción de negocios (CPN), que pasou de dous centros a cinco tras a apertura dos de China, Polonia e Estados Unidos; e a publicación das axudas financeiras reguladas polas bases do programa de acción exterior. Tamén destaca, entre as novidades da actuación do ente, a creación e inminente posta en marcha da Rede de empresarios e profesionais de orixe galega como instrumento para facilitar a captación de investimentos e o incremento das relacións comerciais entre os empresarios e profesionais de dentro e fóra de Galicia.



No seu repaso das actividades desenvolvidas polo Igape en materia de internacionalización, o informe salienta o encontro co Igape no exterior desenvolvido recentemente en Santiago e que fixo posible que directivos de cerca de 200 empresas galegas mantiveran máis de 500 entrevistas personalizadas cos directores dos CPN en Estados Unidos, Xapón, China, Alemaña e Polonia e cos axentes mediadores no estranxeiro cualificados polo instituto. Tamén destacan eventos como a viaxe a Arxentina e Uruguai do pasado mes de marzo, no que participou unha misión composta por unha trintena de empresarios; a celebración dunha xornada coa Cámara de Comercio Americana en Madrid, en abril; e o encontro con representantes de once Estados de EEUU en maio.

### **Axudas financeiras e servizos**

Do mesmo xeito, o informe recolle e destaca a posta en marcha da liña de axudas financeiras para subvencionar, con porcentaxes que varían entre o 50 e o 90 por cento, os custos de accións orientadas a ampliar a internacionalización das empresas galegas. Estas subvencións cobren unha parte fundamental dos gastos de elaboración de estudos de mercado, de diagnósticos sobre capacidade de internacionalización das empresas, de accións referidas á primeira pesenza empresarial en eventos expositivos internacionais, iniciativas, ou acordos de cooperación internacional ou proxectos orientados á identificación de empresas galegas axeitadas para constituír grupos de actuación interempresarial no eido da internacionalización.

O informe elevado ao Consello tamén destaca o amplo abano de servizos que están a disposición das empresas galegos, tanto en orixe coma en destino, para facilitar a internacionalización: póliza de seguro á exportación, interpretación telefónica simultánea, base de datos con case 600 oportunidades comerciais localizadas polos CPN ou polos bolseiros de promoción exterior que se especializan en materia de exterior –da man do Igape– mentres colaboran coas empresas galegas, ou 500 estudos de mercado elaborados polas sucesivas promocións de bolseiros sobre 39 países.



## O SECTOR DE BAIXURA PRESENTA MÁIS DE 900 ACTUACIÓNS DE INVESTIMENTO AO AMPARO DA ORDE DE AXUDAS PARA PROXECTOS COLECTIVOS

- *O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe os 136 proxectos do sector que contemplan 905 actuacións de inversión en aspectos como asistencias técnicas, melloras na comercialización, accións de rexeneración dos recursos ou iniciativas de turismo pesqueiro, entre outras*
- *Foron presentados ao amparo da orde do 30 de decembro de 2005, pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión de subvención para proxectos colectivos de xestión integral destinados ao aproveitamento dos recursos*

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos informou hoxe no Consello da Xunta dos 136 proxectos presentados polo sector da baixura (frota artesanal e marisqueo) de xestión integral para o aproveitamento dos recursos mariños de Galicia. Estas iniciativas, que xurden do propio sector e comprenden un total de 905 actuacións de inversión, enmárcanse na orde do 30 de decembro de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións. O obxectivo de Pesca con esta orde é promover e fomentar o desenvolvemento sostible da actividade económica derivada da explotación dos recursos pesqueiros e marisqueiros.

As iniciativas recibidas están organizadas por proxectos que foron promovidos por unha ou varias organizacións. Estes proxectos están divididos a súa vez en subproxectos que son os que definen os obxectivos concretos a realizar e especifican a inversión que se fai necesaria para levalos a cabo. O departamento que dirixe Carmen Gallego Calvar recibiu neste senso un total de 136 accións, que suporían unha inversión total de 19.207.253 euros e que engloban aspectos como novas vías de comercialización, formación, rexeneración dos bancos marisqueiros, vixilancia ou asistencias técnicas, entre outros.

A comarca de Arousa encabeza o número de solicitudes presentadas a Pesca cun total de 37 proxectos, seguida moi de preto por Vigo, que presentou 32 solicitudes. Pontevedra, Muros, Fisterra, A Costa da Morte, Coruña, Cedeira, A Mariña e A Guarda son algunhas das outras localidades costeiras de Galicia que optan ás subvencións para proxectos colectivos de xestión integral para o para o aproveitamento dos recursos mariños.



### **Proxectos que van desde a comercialización ata a vixilancia**

Para mellorar e facer máis eficiente a xestión dos recursos é necesaria a ampliación dos colectivos sociais que participan na actividade de aproveitamento. Por elo, é preciso que as entidades sectoriais invirtan en tecnoloxía e unha destas inversións ten que ver coa incorporación de técnicos que permitan recoller información do estado do recurso para racionalizar as propostas de xestión. Neste senso, un 20,53% dos subproxectos presentados son de asistencias técnicas -un total de 63-, que conlevarían unha financiación de 1.436.676 euros.

As iniciativas vinculadas á comercialización son as que irrompen con máis forza nas peticións de axudas, xa que a participación dos produtores na comercialización dos produtos pesqueiros debería facilitar aos colectivos unha maior eficiencia económica. A maioría dos proxectos presentados plantexan unha estratexia de comercialización conxunta.

No apartado de estudos, presentáronse un total de 9 solicitudes por parte de tres colectivos, catro confrarías e dúas entidades profesionais. A inversión neste eido sería de 556.708 euros e basicamente se trata de traballos destinados a ampliar os coñecementos sobre o estado das zonas de produción.

A maior parte das accións presentadas ao amparo da orde de Pesca son para a financiación dos traballos de aplicación de técnicas de semicultivo nos bancos marisqueiros tales como a preparación do sustrato ou a súa modificación, a limpeza de algas ou o aporte de semente. É importante sulñar neste intre que as zonas afectadas polas mortandades invernais puideron facer modificacións nos seus proxectos para paliar os efectos provocados por esta situación. Para actividades vencelladas á rexeneración presentáronse 94 subproxectos por valor de 5.152.137 euros.

Por último, nas iniciativas de protección dos recursos, que son tradicionais por parte das organizacións sectoriais para facilitar a organización da actividades de explotación, fináncianse fundamentalmente os costes de persoal de vixilancia. Neste apartado as subvencións solicitadas -un total de 64 subproxectos- ascenden a 4.678.753 euros.

A intención da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos con esta orde de axudas, que prima os proxectos colectivos e que está na liña dos novos Fondos Europeos da Pesca, é cambiar o sistema empregado durante o Goberno do Partido Popular, que non tiña ningunha orientación nin baremo para que se soubera cal era o sistema de aprobación deste tipo de iniciativas.



## **PESCA INVESTIRÁ MÁIS DE 400. 000 EUROS EN AXUDAS A ENTIDADES DE INTERESE COLECTIVO DE ÁMBITO PROVINCIAL E AUTONÓMICO**

- *As subvencións que se concedan irán destinadas á realización de actividades de promoción da organización sectorial e de formación dos asociados*

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos informou hoxe o Consello do Goberno galego da orde pola que se convocan axudas a entidades de interese colectivo, de ámbito provincial e autonómico, para a realización de actividades de promoción de organización sectorial e de formación. O departamento de Pesca quere, con esta iniciativa, darlle un pulo a estas organizacións que, pola súa función de vertebradoras sociais e profesionais do sector primario, son consideradas como importantes interlocutoras no eido pesqueiro. Para isto, a Administración investirá un total de 417.000 euros con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Poderán beneficiarse destas axudas as confrarías, asociacións, cooperativas e organizacións de produtores cuxo ámbito sexa provincial ou autonómico e teñan implantación en Galicia. Os solicitantes deberán cumprir unha serie de requisitos para poder acceder a estas subvencións como: acreditar a realización da actividade que fundamenta as axudas, xustificar que están ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social ou comunicar a obtención doutras subvencións.

A contía da axuda será diferente en cada caso, dependendo das actividades realizadas e dos gastos que teña que facer fronte cada entidade. Serán subvencionables os gastos que teñan que ver coa contratación de persoal cualificado; a adquisición de equipamento para o procesamento da información, comunicación e aplicacións informáticas; a organización de cursos de formación e capacitación para socios e persoal directivo; ou as reunións, sesións de traballo e foros de debate entre diferentes organizacións que reforcen a intercooperación. Así mesmo, poderán ser subvencionados os gastos realizados entre o día 1 de xaneiro de 2006 e a data límite para a súa xustificación.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Pesca ou nas delegacións, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*. Finalmente, será unha comisión de avaliación constituída na Secretaría Xeral de Pesca a que analice cada caso e ditamine unha resolución.